

CURSO

LINGUAXES ESCULTÓRICAS CONTEMPORÁNEAS.

Do monumento conmemorativo á performance

19 outubro 2016 – 31 maio 2017

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: **Ana Pereira Molaes**

Lugar: salón de actos

Datas: do 19 outubro 2016 ao 24 maio 2017

Horario: **MÉRCORES**, de 19.30 a 21.00

Total número sesións: 23

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do 15 de setembro

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da Agrupación de Amigos do MARCO e para estudantes, previa acreditación), coa posibilidade de pago fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.

PRESENTACIÓN

O obxecto deste curso é realizar unha aproximación ás linguaxes escultóricas contemporáneas que reflicta, non soamente os cambios experimentados pola propia práctica da escultura, ou a súa relación co contexto social, senón tamén as transformacións na percepción da obra por parte do seu receptor.

Na escultura o artista utiliza como medio de expresión a creación de figuras ou obxectos tridimensionais; é dicir volumes, que á súa vez conforman e definen espazos, e o fai a través de linguaxes moi diversas que evolucionaron e cambiaron ao longo da historia. Coa chegada do século XX, momento en que vai a luz unha arte nova marcada por unha clara posición de ruptura respecto ao pasado, a escultura será a actividade artística que experimente os cambios máis revolucionarios, que serán xa imparables ao longo de toda unha centuria. Durante máis de 100 anos a escultura rompe con moitas cousas, pero será sobre todo en torno a dúas fases —1906-30 e 1960-70— cando se produza a verdadeira expansión do concepto escultórico.

Dende as vangardas ata a actualidade, as novas maneiras de entender o feito escultórico provocaron, con maior ou menor intensidade, os cambios máis transcendentais xamais acontecidos: máis que unha mera cuestión de formas novas, se trataba dunha arte nova. Ao longo do século XX a escultura non só abandona a lóxica do monumento e a súa localización, senón que experimenta ademais o declive do que parecía ser consubstancial á práctica escultórica: a súa natureza estatuaría.

A independencia do contexto e a progresiva disolución de certos trazos como monumentalidade, naturalismo, etc., e dunhas funcións conmemorativo-narrativas que ata entón a definiran como tal, foron o comezo dunha serie de rupturas coas convencións conceptuais da escultura histórica.

Comeza así a conquista dunha liberdade negativa: *non* aos preceptos clásicos que lle asignaban un lugar, unha función e unha simboloxía; liberdade fronte a calquera contido posible; busca de novos materiais, de novos valores e linguaxes; trazos que son en certo modo símbolos dunha liberación.

A historia da escultura moderna será pois a dun radical proceso de transformación que a apartou do seu carácter estatuario para se converter nunha práctica autónoma emancipada do lugar, do pedestal, de referencias simbólicas e de modelos. O concepto escultórico clásico será redefinido e analizado en toda a súa profundidade, iso si a través de exploracións plurais e camiños diversos. Ao longo desta traxectoria a escultura ensímésmase, emancípase ou faise maior, producíndose unha conquista estética do indefinido e un ensanchamento dos horizontes do obxecto escultórico que lle leva da cidade ao taller, do taller ao museo e do museo de novo á rúa, da que fuxira, dende unhas formulacións totalmente novidosas.

CALENDARIO E PROGRAMA

NOTA: durante a tempada 2016-17, por coincidir con festivos e outros eventos, NON haberá sesión os seguintes mércores: 2 de novembro; 7, 21 e 28 de decembro; 4 de xaneiro; 15 e 22 de febreiro; 8 de marzo; 12 de abril; 17 de maio.

Ao longo do curso poderá haber pequenas variacións no programa e calendario, das que se irá informando puntualmente.

- Sesión 1** (mércores 19 outubro)
O concepto de escultura: cambios e transformacións ao longo da historia.
- Sesión 2** (mércores 26 outubro)
O monumento público a principios do século XX: a continuidade da tradición.
- Sesión 3** (mércores 9 novembro)
A ruptura coa tradición: o nacemento dunha nova linguaxe escultórica e dunha diferente percepción das formas. Rodin e Claudel.
- Sesións 4 e 5** (mércores 16 e 23 novembro)
Os *ismos* chegan á escultura: da abstracción á poética do *ready-made*.
- Sesións 6 e 7** (mércores 30 novembro e 14 decembro)
Escultores que escapan dos *ismos*. Brancusi, Giacometti, Julio González, Calder e Moore.

- Sesión 8** (mércores 11 xaneiro)
A escultura na segunda metade do século XX. Cambios formais e institucionais: a nova escultura urbana e as novas políticas inversoras a partir dos anos sesenta.
- Sesión 9** (mércores 18 xaneiro)
A eclosión da escultura española nos anos sesenta: a escola vasca.
- Sesión 10** (mércores 25 xaneiro)
Os anos sesenta. Neo-Dadá e Pop Art, ou a escultura como antimonumento.
- Sesión 11** (mércores 1 febreiro)
Minimalismo e Neomiminalismo.
- Sesión 12** (mércores 8 febreiro)
Arte Povera: obxectos e accións povera.
- Sesión 13** (mércores 1 marzo)
Intervencións na paisaxe e no espazo urbano.
- Sesión 14** (mércores 15 marzo)
Realizacións no corpo e co corpo: Body Art, performance. Marina Abramović, Joseph Beuys.
- Sesión 15** (mércores 22 marzo)
A escultura a partir dos anos oitenta: a revisión do conceptualismo e a volta á escultura obxectual. Diferentes tendencias da nova escultura americana.
- Sesión 16** (mércores 29 marzo)
Relatoras convidadas: **Carme Nogueira e Uqui Permui**
“Contenedor de feminismos”: reflexiones sobre escultura, activismo y arte público
- Sesión 17** (mércores 5 abril)
As propostas británicas.
- Sesión 18** (mércores 19 abril)
A achega feminina: Louise Bourgeois, Yayoi Kusama.
- Sesión 19** (mércores 26 abril)
Escultura e crítica institucional: Santiago Sierra, Maurizio Cattelan, Ai Weiwei.
Escultura efémera: o popular e o culto.
- Sesións 20 e 21** (mércores 3 e 10 maio)
Figuras españolas singulares no cambio de século: diferentes artistas e diferentes propostas.
- Sesión 22** (mércores 24 maio)
Escultores galegos singulares: de Silveiro Rivas a Jorge Perianes (I)
- Sesión 23** (mércores 31 maio)
Escultores galegos singulares: de Silveiro Rivas a Jorge Perianes (II)